

1.-Consideracións xerais.

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">.-Familiarizar o colectivo escolar cunha actuación que, chegado o caso, non o colla desprevido..-Poder usar adecuadamente os medios dispoñibles para diminuír a magnitude dunha situación imprevista..-Detectar as principais insuficiencias para os efectos de evacuación e actuación en caso de emerxencia.
-------------------	---

2.-Instrucións orientativas para o alumnado.

<ol style="list-style-type: none">1.-Cada grupo actuará sempre de acordo coas indicacións do seu profesor.2.-O alumnado non deberá recoller os seus obxectos persoais.3.-O alumnado que ao soar o timbre de alarma se atope fóra da súa aula incorporárase ao grupo máis próximo. Cando cheguen ao punto de encontro exterior uniranse ao seu grupo.4.-Todos os movementos deberán realizarse rápida pero ordenadamente sen correr, atropelar nin empurrar aos demais.5.-Ninguén deberá deterse nas portas de saída.6.-O alumnado sairá da aula pola porta máis próxima á saída do andar.7.-Polos corredores os alumnos desprazaranse en fileira pola man (dereita ou esquerda) no que se atope a súa clase.8.-O exercicio realízase en silencio e prestando axuda a aqueles que teñan dificultades.9.-No caso de que nas vías de evacuación exista algún obstáculo que dificulte a saída, será apartado.10.-En ningún caso, sexa cal sexa o pretexto, o alumnado deberá volver atrás.11.-En todo caso os grupos deberán permanecer sempre xuntos, sen disgregarse nin adiantar uns aos outros, mesmo se se atopasen nos puntos exteriores de concentración previamente establecidos.

3.-Instrucións orientativas para o profesorado.

<ol style="list-style-type: none">1.-Con anterioridade suficiente á realización do simulacro terá lugar unha reunión do profesorado na que se elaborará o plan que se vai seguir.2.-O/A profesor/a que ocupe a aula máis próxima á saída da planta ou ben o/a primeiro/a en chegar á mesma actuará como guía de evacuación. (Pode ocuparse outro/a profesor/a se se considera máis adecuado e non se atrasa o proceso de evacuación).3.-O/A segundo/a profesor/a en chegar á saída da planta actuará de xefe de equipo de planta. Debe controlar o tempo de evacuación total da planta e comprobará que non quedan alumnos/as nos servizos nin nos locais anexos. (Pode ocuparse outro/a profesor/a se se considera máis adecuado e non se atrasa o proceso de evacuación).4.-O/A profesor/a que chegue en terceiro lugar á saída da planta desprazarase ao centro da ruta de evacuación para comprobar que a mesma transcorre sen problemas. (Pode ocuparse outro/a profesor/a se se considera máis adecuado e non se atrasa o proceso de evacuación).5.-O profesorado que non realiza as tarefas descritas nos puntos 2, 3 e 4 e que se atope na planta integrarase no equipo de primeira intervención EPI. Se descoñece onde se encontra o equipo dirixirase a dirección (sempre que a emerxencia o permita).6.-O profesorado, na súa aula, organizará a estratexia do seu grupo encargándolles a algúns alumnos/as a realización de funcións concretas como: pechar as ventás (os/as que se
--

sentan máis próximos ás mesmas), contar os compañeiros (o/a alumno/a máis próximo á porta de saída), controlar que non leven obxectos persoais, axudar a compañeiros con minusvalías etc.

- 7.-Cando desaloxen todos/as os/as alumnos/as, cada profesor/a comprobará que as aulas e os recintos que teñen asignados quedan baleiros, deixando portas e fiestras pechadas.
- 8.-Ao comezo do simulacro emitirase un sinal de alarma (toques curtos de timbre durante máis de un minuto).
- 9.-Unha vez desaloxado o edificio, o alumnado deberase concentrar nos lugares previamente designados, sempre baixo o control do/a profesor/a que comprobará a presenza de todos/as os/as alumnos/as do seu grupo.
- 10.-Unha vez rematado o simulacro celebrarase unha reunión do profesorado para avaliar o exercicio. Logo o/a director/a do centro redactará un informe que, unha vez feito o estudo polo consello escolar, enviarase á Delegación provincial.

4.- Vías de evacuación

Edificio 1 ESO	Planta baixa	Corredor e porta orientada ao leste na mesma planta baixa. (única porta de saída exterior)
	Primeira planta Aulas 071C9 e 081C10	A través do corredor acristalado que une os edificios 1 e 2 e seguindo a escaleira que conduce á porta orientada ao norte do edificio 2. (porta lateral máis próxima)
	Resto da primeira planta	Corredor, escaleiras e porta orientada ao sur (porta lateral)
	Resto do edificio	Vías conducentes á porta principal do centro (orientada ao oeste). Bordeando o edificio 1 pola parte norte.
Edificio 2 BACH.	Planta baixa	Porta orientada ao oeste (porta principal, bordeando o edificio 2 pola cara norte)
	Primeira planta	Cada aula elixirá a máis próxima das dúas vías que, seguindo corredor e escaleiras, conducen unha á porta orientada ao norte e a outra, á porta orientada ao sur. (porta lateral máis próxima)
Edificio 3	Planta Baixa	Porta principal do edificio (orientada ao leste). Unha vez fóra do edificio 3 bordearán o edificio 2 pola zona sur (paralela á rúa García Morato)
	Aula de debuxo	A escaleira máis próxima que conduce á porta de saída orientada ao oeste. Unha vez fóra, bordearán o edificio 3 e 2 pola zona sur.

Leste

Norte



Sur

Oeste

E: punto de encontró edificio 1

B: punto de encontro alumnado edificio 2 y 3